

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2006**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros

Concelleiros

Dona Eva María Vilariño González

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Juan José Herva Mallo

Dona María Rosario Manso López

Don Luis Purriños Pena

Don José Paz Tenreiro

Don Manuel José Pérez Martínez

Don José María Laya Carril

Don Antonio Cortizas Rodríguez

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón habilitado como Concello de Miño polas obras que se realizan na Casa do Concello, ás trece horas do día vinte e nove de decembro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, réunese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os concelleiros seguintes: dona Eva María Vilariño González; don Juan José Herva Mallo; dona María Rosario Manso López; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don José María Laya Carril e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asisten á sesión os concelleiros don Jesús Veiga Sabín, don Antonio Medín Pena e don Miguel A. Abraira Sobrado.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 21 de decembro de 2006, queda aprobada por unanimidade.

2.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS “REDE DE COLECTORES EN PERBES, BEMANTES, CASTRO E LEIRO E REDE DE CAPTACIÓN DE PLUVIAIS EN MIÑO (2ª FASE).- Visto o expediente tramitado para a adxudicación das obras de Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase).

O proxecto técnico e prego de condicións foi aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 16-10-2006, cun orzamento de execución por contrata de 4.059.752,75 euros, publicándose os anuncios de licitación por concurso público aberto no DOG núm. 207 do 26/10/2006, Boletín Oficial da Provincia núm. 248 do 28/10/2006, xornal La Voz de Galicia do 24/10/2006 e taboleiro de anuncios.

A mesa de contratación, na sesión do día 22 de decembro de 2006, propón a adxudicación do concurso á empresa Espina&Delfín S.L. por ser a que obtivo maior puntuación no concurso.

De conformidade co ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, O Pleno do Concello, coa abstención do concelleiro Sr. Laya Carril e nove votos a favor dos demais membros da Corporación que asisten á sesión, acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar as obras “Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase) á empresa Espina & Delfín no prezo ofertado de 3.491.387,00 euros, e seis meses de prazo de execución dende o trazado da planta das obras, segundo a proposición presentada que formará parte do contrato. O importe das melloras ofertadas por esta empresa será investido en actuacións relacionadas coas obras que o Concello considere prioritarias.

2º.- Comprometer o gasto plurianual da adxudicación das obras “Rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño (2ª fase) por importe de 3.491.387,00 euros, cuxo detalle por anualidades é o seguinte:

Anualidade 2006	1.000.000,00 €
Anualidade 2007	1.500.000,00 €
Anualidade 2008	991.387,00 €

3º.- Que se lle notifiquen estes acordos á adxudicataria Espina & Delfín S.L., así como ao resto de licitadores, dentro do prazo de dez días e que se requira para que dentro dos quince días, contados dende que se lle notifiquen estes acordos, conorra á formalización do contrato en documento administrativo, logo da constitución da garantía definitiva, equivalente ao 4% do importe da adxudicación.

4º.- Que se lles devolvan as garantías provisionais ás empresas que se presentaron á licitación, agás á adxudicataria, ata que non presente a garantía definitiva.

5º.- Publíquese a adxudicación no BOP no prazo de corenta e oito días contados dende a data do contrato.”

O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas manifestou que o seu voto era favorábel por estimar que é moi importante a obra a realizar e será moi beneficiosa para o municipio.

A Presidencia manifestou que esta obra suporá unha mellora notable no benestar da veciñanza afectada, e mellorará a calidade de vida e é bo que as obras sexan executadas pola empresa que gañando o concurso, sexa a que leva o mantemento do servizo, pois desta maneira non haberá problemas en esixirille posteriormente as reparacións que sexan necesarias, esixíndolle que as melloras ofertadas, como así acordou o Pleno, se executen onde o Concello estime que é máis conveniente, pois temos que lograr que ningunha vivenda do municipio quede sen este servizo.

Non sendo outro o obxecto da sesión, a Presidencia levanta esta ás trece horas e quince minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente

O secretario